

CIRCULAR 66/2015

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA EN PISTA

Pistas Inef Bastiagueiro (Oleiros), 22 de novembro do 2015

Art.1). A delegación da FGA en A Coruña, organiza para o día 22 de novembro do 2015 nas pistas de atletismo do Inef de Bastiagueiro de Oleiros o Campionato de Galicia de Marcha en Pista.

Art.2). Poderán intervir todos aqueles atletas que o desexen e que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado durante a tempada actual (2015/16) por algún Clube pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertezan a Clubes doutras CCAA.
3. Atletas non galegos ou estranxeiros* convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3). As inscricións realizaránse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata ás 20:00h do martes día 17 de novembro.

Art.4). Os atletas deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da súa proba, segundo o horario sinalado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5). Os tres primeiros atletas clasificados das categorías: benxamin, alevín, infantil, cadete, xuvenil, junior, promesa e veteráns recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudilo protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega das medallas. Asemade, entregaranse medalla aos tres primeiros atletas da clasificación absoluta na proba dos 5 km.

Art.6). Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7). Os atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída da súa proba. A saída à pista terá que ser realizada ca camiseta xa posta



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.8). O horario e distancias do campionato e o seguinte:

11:45 HORAS	1.000 m.Benxamín	H-M
12:00 HORAS	2.000 m Alevín	H-M
12:20 HORAS	3.000 m Inf/Cad	H-M
12:45 HORAS	5 000 m. Xv/Jn /Pr /Sen /Vet	H-M * Categoría Conxunta.

A proba de 5.000 considerase absoluta, polo que non se aplicará o Pit lane ós atletas xuveniles e junior, que podan optar ó título de Campeón de Galicia Absoluto. Nas vindeiras datas publicarase a normativa de aplicación do Pit Lane nas competicións da comunidade galega.

Art.9). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.10). Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase, de acordo coas normas da, FGA, da RFEA e da I.A.A.F por este orden.

A Coruña, 9 de Novembro do 2015
Víctor Arufe Giraldez
Secretario Xeral Federación Galega Atletismo